

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 4 DE SETEMBRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes, para crear a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras, declaradas de emerxencia, para a reparación de desprendementos na CG-4.1 Rande – Alto da Portela, p.q. 11 + 700 e 12 + 700.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de María del Camino Triguero Salas como directora xeral de Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Mobilidade a Helena de Lucas de Santos.
- Decreto polo que se nomea director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo a Heriberto García Porto.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regulan aspectos específicos de formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**



- Decreto polo que se regulan en Galicia as condicións de venda directa dos produtos primarios desde as explotacións ao consumidor final.

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTRAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oza–Cesuras para a mellora do camiño real por un importe total de seiscentos trinta e un mil setecentos cincuenta e seis euros e setenta e nove céntimos (631.756,79 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas o ente público Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (Tramo Seara) por un importe total de catrocentos vinte mil cento corenta e un euros e trinta e seis céntimos (420.141,36 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe total de trescentos noventa mil douscentos cincuenta e seis euros con setenta e un céntimos (390.256,71 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e a excepcionar as beneficiarias da achega de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para facilitar ás pequenas e medianas empresas galegas, auxiliares da construción naval, o acceso ao financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras colaboradoras.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o centro neuropsicopedagóxico O Pelouro para o funcionamento e a reserva de prazas para alumnado durante o curso 2014-15, por un importe total de trescentos corenta e oito mil oitocentos vinte e sete euros e vinte e cinco céntimos (348.827,25 euros).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2014-15, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2014-15, por importe de cento seis mil novecentos vintecinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas de calendario e outras.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (eixe 2, código 71 do P.O do Fondo Social Europeo 2007/2013) e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe total: un millón seiscentos corenta e sete mil oitocentos vinte seis euros con trinta e tres céntimos (1.647.826,33 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Empresarial de Industrias Metalúrxicas de Galicia-ASIME, para a impartición de accións formativas relacionadas co sector naval. Importe: catrocentos vinte e tres mil cento oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (423.187,50 euros).



---

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do incremento do gasto por unha contía de trescentos oitenta e tres mil setenta e nove euros con vinte e sete céntimos (383.079,27 euros), derivado da execución da obra de emerxencia "Actuacións para reparación de desprendementos na CG-4.1 Rande-Alto da Portela, p.q. 11 + 700 e 12 + 700".
- Informe sobre a necesidade da nova estratexia da paisaxe de Galicia 2014-2016.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe relativo á resolución pola que se adxudican as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia.



## **CRÉASE A COMISIÓN ESPECIAL DE TRANSPORTE PÚBLICO EN VEHÍCULOS DE TURISMO, ÓRGANO INTERLOCUTOR CO SECTOR DO TAXI**

- ***O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se regularán as funcións e integrantes desta nova comisión, coa que se pretende dar voz a un sector que ocupa a máis de 4.000 taxistas***
- ***Esta iniciativa redundará nunha mellora xeral do servizo e facilitará unha mellor atención por parte da Administración das demandas que uns e outros formulan***

O Consello da Xunta na súa reunión celebrada esta mañá, aprobou o decreto polo que se crea unha Comisión especial de transporte público en vehículos de turismo co obxectivo de contar cun órgano especializado en materia do transporte de vehículos de turismo dentro do organismo que ten encomendadas as funcións de consulta e asesoramento da Administración galega en materia de transporte. Créase unha comisión especial que representará un órgano interlocutor co sector do taxi e do alugamento con condutor.

Grazas á posta en marcha desta iniciativa, garántese a participación dos distintos colectivos e actores implicados no sector do transporte público de persoas en vehículo de turismo, que redundará nunha mellora xeral do servizo e facilitará unha mellor atención por parte da administración das demandas que uns e outros formulan.

Deste xeito, dáselle voz a un amplo sector, como é o do taxi, que na actualidade ocupa a máis de 4.000 taxistas, na súa inmensa maior parte autónomos con vehículo, e aproximadamente 138 vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor, que son xestionados por preto de 18 empresas.

Desde a Consellería de Medio Ambiente destacan que por medio deste decreto se establece de maneira efectiva e se regula o funcionamento dun órgano colexiado paritario e plural, que achegará á Administración as inquiredanzas do sector do taxi e do arrendamento con condutor, que antes non existía; ao tempo que representa unha aposta polo transporte público moderno, eficiente e útil para os cidadáns.

Cómpre sinalar que a Administración galega non terá que facer un investimento adicional para acadar os obxectivos, xa que a posta en marcha da comisión encádrase dentro da organización administrativa xa existente e que xestiona, con carácter xeral, o funcionamento do Consello Galego de Transportes.

Esta comisión especial asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Actuar como órgano de interlocución e consulta entre o sector do transporte en vehículos de turismo e as administracións públicas competentes.



- Emitir os informes e exercer as funcións que na Lei 4/2013, do 30 de maio, se atribúen ao Consello Galego de Transportes e, con carácter xeral, emitir informe nos procedementos de elaboración de disposicións de carácter xeral que se diten en desenvolvemento ou en aplicación desta lei, agás naquelas materias que a normativa de desenvolvemento expresamente reserve ao seu pleno.
- Presentar ás administracións públicas competentes os informes, as propostas e as suxestións que considera adecuados para a mellora do transporte e as suxestións que considere adecuadas para a mellora do transporte de persoas en vehículos de turismo na Comunidade autónoma.
- Colaborar coas administracións públicas competentes para conseguir a mellora progresiva das condicións da prestación do servizo de transporte en vehículos de turismo, particularmente no que se refire ao incremento da seguridade e á incorporación de novas tecnoloxías.

A composición da Comisión especial de transporte público en vehículos de turismo do Consello Galego de Transportes estará integrada por representantes da Administración autonómica na materia, das entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, que deberá procurar unha representación equilibrada atendendo a diversidade de concellos, das asociacións profesionais máis representativas a nivel autonómico e das asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias e de persoas de mobilidade reducida. A súa entrada en vigor será ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A partir dese momento, os órganos e entidades terán que designar as novas persoas membros da comisión nun prazo de 20 días naturais, no que farán as súas propostas. Unha vez concretadas as designacións oficiais, a comisión entrará en funcionamento.

Cómpre lembrar que coa posta en marcha desta comisión tamén se cumpre o desenvolvemento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que estableceu un novo marco normativo para o sector do taxi e do arrendamento de vehículos con condutor na Comunidade.



## MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS AO REFORZO TOTAL DOS NOIROS DO CORREDOR DO MORRAZO, CUXAS OBRAS REMATARÁN ESTE MESMO MES

- *Os estudos xeotécnicos realizados durante a execución das obras recomendaron ampliar a actuación, polo que o investimento da Axencia Galega de Infraestruturas nesta obra de mellora da seguridade viaria e de conservación de estradas elévase a 1,2 millóns de euros*
- *No mes de marzo rexistráronse no Corredor do Morrazo uns desprendementos no ramal de acceso a Cangas (punto quilométrico 11+700) e no tronco desta infraestrutura á altura do p.q. 12+700*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destina 383.000 euros para completar as obras de reforzo de firme no noiro do Corredor do Morrazo, cuxas obras estarán rematadas este mes de setembro. Medio Ambiente intensificou as medias de seguridade no punto quilométrico 12+700, dado que os estudos xeotécnicos realizados durante a execución das obras recomendaron ampliar a actuación, despois dos desprendementos rexistrados o pasado 4 de marzo.

Así, o Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras, así como o proxecto de acordo polo que se dá conta do incremento de gasto por unha contía de 383.079 euros, derivados da execución da obra de emerxencia actuacións para a reparacións de desprendementos na CG-4.1 Rande- Alto da Portela, p.q. 11+700 e 12+700. Importe global da actuación elévase a 1,2 millóns de euros.

A ampliación da magnitude da obra vén motivada principalmente polos traballos no desprendemento do p.q. 12+700. Os labores inicialmente previstos eran de saneamento das terras que escorregaron e de sostemento dos noiros. Porén, os traballos de seguimento xeotécnico realizado durante a execución das obras amosaron que existían zonas que presentaban fracturación, polo que se podían producir novos desprendementos en condicións de chuvia. Ante esta situación foi necesario realizar actuacións que minimizasen ese risco. Así, continuouse co saneamento dos noiros, diminuíndo a súa pendente, definindo bermas de seguridade de 5 metros de largura, ampliáronse as zonas de gunitado e ancorado, executáronse tubaxes drenadas soterradas (drens) e preveuse a execución de novos pequenos muros de sostemento na parte baixa.

Ademais, para que a configuración final sexa completa, estanse a executar cunetas de recollida de augas nas testas dos noiros, de modo que se evite a chegada de auga de



escorrega, o que complementa o funcionamento das drenaxes soterrados que se executan.

Así, as cifras finais da actuación levada a cabo no noiro do p.q. 12+700 ascenden a unha escavación de case 50.000 m<sup>3</sup> de terreo, un gunitado con mallazo de reforzo nunha superficie de máis de 3.500 m<sup>2</sup>, a execución de 380 metros de tubaxes drenadas soterradas e á colocación de máis de 3.300 metros de ancoraxes de cable de aceiro no terreo.

En relación do decreto que declara a utilidade pública e urxente ocupación dos terreos, cómpre sinalar que para a execución das obras foi necesaria a ocupación de terreos particulares. En concreto, afectáronse 20 predios, 12 delas no concello de Cangas e 8 no concello de Moaña, todos eles de monte, que suman unha superficie de 5.514 m<sup>2</sup>.

### **Desprendementos no Corredor**

En marzo deste ano rexistráronse no Corredor do Morrazo uns desprendementos no ramal de acceso a Cangas (punto quilométrico 11+700) e no tronco desta infraestrutura á altura do p.q. 12+700. A Axencia Galega de Infraestruturas destinou un importe de 822.000 euros para levar a cabo esta actuacións de mellora da seguridade viaria e de conservación de estradas.

As obras, que tamén foron declaradas de emerxencia polo Consello da Xunta, comezaron o 27 de marzo e consistiron na escavación de terreo, desmontaxe do muro actual e a construción dun novo muro de bloques de pedra granítica ata unha altura de 4,5 m, aproveitando a pedra útil existente e achegando a necesaria. Os traballos executados no p.q. 11+700 remataron o pasado día 4 de xullo, eliminándose así a principal afección ao tráfico, e as do p.q. 12+700, que son as que son obxecto de ampliación, rematarán no mes de setembro.





## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A HERIBERTO GARCÍA PORTO NOVO DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, E A HELENA DE LUCAS NOVA DIRECTORA DE MOBILIDADE**

- *O novo director do IGVS xa viña ocupando desde maio de 2009 a secretaría xeral deste organismo, dependente da Consellería de Medio Ambiente*
- *Helena de Lucas substitúe no posto a Camino Triguero Salas, que cesa por petición propia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Heriberto García Porto, como novo director do Instituto Galego de Vivenda e Solo, logo do cese de Teresa Gutiérrez, que na actualidade ocupa o cargo de primeira tenente de alcalde e concelleira de Desenvolvemento Urbano Sostible no Concello de Santiago. O Consello tamén nomeou a Helena de Lucas de Santos como nova directora xeral de Mobilidade, que substitúe no cargo a Camino Triguero Salas, que cesa por petición propia.

### **García Porto**

Heriberto García Porto é licenciado en Xeografía e Historia e desde maio de 2009 xa viña ocupando o cargo da secretario xeral neste organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e ao que leva vinculado desde o inicio da súa carreira profesional en diferentes cargos e responsabilidades.

García Porto foi nomeado en 1993 xefe de Unidade de Inspeccións e Sancións. A partir dese momento desenvolveu distintas responsabilidades dentro do IGVS, como director técnico de Construcións ou xefe de servizo de Arquitectura e Habitabilidade; así como en organismos estales, como xefe de área de Xestión Financeira e Administración, dependente da Dirección Técnica de Administración en Fomento, entre xullo de 1995 e xullo de 1997.

Nesta nova etapa, o novo director do IGVS manterá as prioridades, como continuar coa rehabilitación do parque existente de vivendas, grazas ao Plan estratéxico de rehabilitación, que permitirá a adecuación e recuperación do patrimonio construído, mellorando tanto as vilas e cidades como o rural galego.

### **Helena de Lucas**

A nova directora xeral de Mobilidade, Helena de Lucas, é enxeñeira superior Aeronáutica. Na actualidade ocupaba o cargo de experta nacional destacada na Dirección de Aviación na Unidade de Aeroportos e Mercado Interior na Comisión Europea.



Tamén desempeñou o cargo de xefe de Área de Estudos Estratéxicos e Análise de Mercado na Dirección Xeral de Aviación Civil (Outubro de 2009- Xaneiro de 2013) e de técnico superior de Aviación Civil na Axencia Estatal de Seguridade Aérea. De Lucas de Santos substituirá a Camino Triguero Salas, que cesa a petición propia, e que durante o seu mandato garantiu o mantemento das políticas para incentivar o transporte público, co apoio ao Plan de transporte metropolitano nas áreas nas que xa está a funcionar e o impulso definitivo ao Plan Renove das estacións de autobuses de Galicia, que prevé a mellora e modernización da rede destas infraestruturas de transporte público por estrada da Comunidade Autónoma.

No que resta de legislatura, a nova directora terá por reto mellorar e avanzar na coordinación do transporte aéreo, para que as tres infraestruturas galegas representen unha oportunidade e se consolide a política defendida pola Xunta: un único aeroporto con tres terminais.

En materia de transporte e loxística, o obxectivo da dirección xeral que pasa a dirixir será afianzar a colaboración dos territorios dentro da Macrorrexión do Suroeste Europeo RESOE, integrado por Castela e León, Asturias, Rexión Norte e Rexión Centro de Portugal, para favorecer os proxectos para esta área impulsando unha execución coherente, integrada e racional; compartir estratexias que permitan obter sinerxías e unha maior eficiencia dos modos de transporte e loxística.

Tamén continuará co traballo realizado para que as sete grandes áreas urbanas de Galicia dispoñan dun sistema de transporte metropolitano implantado, así como impulsar a mobilidade sustentable nos contornos urbanos, a través dos aparcadoiros disuasorios, e a intermodalidade, con medidas que fagan compatible a eficiencia das prestacións de transporte coa extensión do seu carácter de servizo público.



## O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO CURRÍCULO DA NOVA MODALIDADE DA FP, QUE OFERTA XA ESTE CURSO 4.240 PRAZAS

- ***A FP básica supón un salto cualitativo respecto dos antigos programas de cualificación profesional inicial, permitindo as que a cursan obter un título oficial dos seus estudos, entre outras vantaxes***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia, unhas ensinanzas que se imparten por primeira vez este curso en substitución dos antigos programas de cualificación profesional inicial (PCPI), e no marco da implantación da Lei para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Coa aprobación do texto, xunto co referido á educación primaria, Galicia será unha das primeiras comunidades autónomas en contar cunha normativa deste rango adaptada á devandita lei e ao noso sistema educativo para estas etapas.

Cómpre lembrar que este curso xa se ofertan en Galicia 18 titulacións de FP básica, así como 8 programas formativos diferentes que atenden de forma específica o alumnado con necesidades educativas especiais. Estes programas formativos terán unha duración dun curso académico e neles incluíranse módulos de títulos profesionais básicos asociados ao bloque común, e outros de formación apropiados para a adaptación ás súas necesidades.

Isto supón un total de 4.240 prazas ofertadas en 212 grupos distribuídos por toda a xeografía galega, como se pode observar nas seguintes táboas.

	Titulacións ofertadas	Grupos	Prazas
A Coruña	<ul style="list-style-type: none"><li>- Servizo administrativos</li><li>- Agroxardinaría e composicións florais</li><li>- Artes gráficas</li><li>- Servizos comerciais</li><li>- Reforma e mantemento de edificios</li><li>- Electricidade e electrónica</li><li>- Fabricación e montaxe</li><li>- Aloxamento e lavandaría</li><li>- Cociña e restauración</li><li>- Peiteado e estética</li><li>- Industrias alimentarias</li><li>- Informática de oficina</li><li>- Informática e comunicacións</li><li>- Carpintaría e moble</li></ul>	86	1.720



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades marítimo-pesqueiras</li> <li>- Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel</li> <li>- Mantemento de vehículos</li> <li>- PFB de reprografía</li> <li>- PFB de xardinaría e viveirismo</li> <li>- PFB de servizos de restauración</li> <li>- PFB de producións agrícolas</li> <li>- PFB de carpintaría</li> <li>- PFB de costura</li> <li>- PFB de cerámica</li> </ul>		
Lugo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo administrativos</li> <li>- Actividades agropecuarias</li> <li>- Electricidade e electrónica</li> <li>- Fabricación e montaxe</li> <li>- Cociña e restauración</li> <li>- Peiteado e estética</li> <li>- Informática de oficina</li> <li>- Informática e comunicacións</li> <li>- Mantemento de vehículos</li> <li>- PFB de xardinaría e viveirismo</li> <li>- PFB de peiteado</li> <li>- PFB de restauración</li> </ul>	30	600
Ourense	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo administrativos</li> <li>- Agroxardinaría e composicións florais</li> <li>- Servizos comerciais</li> <li>- Reforma e mantemento de edificios</li> <li>- Electricidade e electrónica</li> <li>- Fabricación e montaxe</li> <li>- Cociña e restauración</li> <li>- Peiteado e estética</li> <li>- Industrias alimentarias</li> <li>- Informática de oficina</li> <li>- Informática e comunicacións</li> <li>- Mantemento de vehículos</li> <li>- PFB de xardinaría e viveirismo</li> </ul>	27	540
Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo administrativos</li> <li>- Agroxardinaría e composicións florais</li> <li>- Artes gráficas</li> <li>- Servizos comerciais</li> <li>- Electricidade e electrónica</li> <li>- Fabricación e montaxe</li> <li>- Peiteado e estética</li> </ul>	69	1.380



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informática de oficina</li> <li>- Informática e comunicacións</li> <li>- Carpintaría e moble</li> <li>- Actividades marítimo-pesqueiras</li> <li>- Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel</li> <li>- Mantemento de vehículos</li> <li>- PFB de xardinaría e viveirismo</li> <li>- PFB de reprografía</li> <li>- PFB de peiteado</li> <li>- PFB de carpintaría</li> <li>- PFB de lavandaría</li> </ul>		
Total	18 titulacións de FP básica diferentes en 15 familias profesionais e 9 PFB diferentes	212	4.240

### Vantaxes da FP básica

A FP básica supón un significativo avance respecto dos PCPI, permitindo que o alumnado que remate estes ciclos teña un título de formación profesional básica, que ten xa os mesmos efectos que o de graduado en ESO á hora de obter un emprego público ou privado. Ademais, estes ciclos permiten a mobilidade dos estudantes entre as diferentes comunidades autónomas; e os maiores de 21 anos que acrediten unidades de competencia poderán acceder a obter un título de FP básica, o que non era posible cos PCPI.

Os ciclos de FP básica inclúen tres tipos de módulos profesionais: uns asociados a unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais; módulos de Comunicación e Sociedade I e II; módulos de Ciencias aplicadas I e II, e un módulo de Formación en Centros de Traballo. Tamén se impartirá en todos os ciclos unha unidade formativa de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de facilitar a inclusión laboral do alumnado.

Doutra banda cabe salientar que a acción titorial e a orientación académica terán un papel significativo en cada un dos cursos da FP básica. O obxectivo é precisamente guiar o alumnado na transición ao mundo laboral ou académico e tamén nos plans de acollemento no centro. A este respecto, os alumnos recibirán apoio específico sobre técnicas de estudo e organización do traballo, resolución de conflitos, habilidades comunicativas, traballo en grupo e toma de decisións entre outros.



## CULTURA E EDUCACIÓN APOSTA CO NOVO DECRETO DE EDUCACIÓN PRIMARIA POR UN ENSINO COMPETENCIAL E POLA AUTONOMÍA DOS CENTROS PARA O REFORZO NAS MATERIAS QUE MÁIS O PRECISEN

- ***O traballo da Consellería de Cultura e Educación permite que este mesmo mes de setembro estean publicados os decretos que regulan as ensinanzas modificadas pola Lei orgánica para a mellora da calidade educativa que se implantan no 2014/15***

O Consello da xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, co que o departamento educativo da Xunta de Galicia aposta por un ensino competencial e pola autonomía dos centros para o reforzo nas materias que máis o precisen. O novo decreto de Primaria supón un aposta polo cambio metodolóxico na procura de mellorar os resultados, na liña das actuacións que vén desenvolvendo nestes últimos anos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, grazas ás cales foi posible diminuír a taxa de abandono temperán ata o 18,8% rexistrado no primeiro semestre de 2014 (fronte ao 25,8% rexistrado en 2009).

Desta forma Galicia únese ás outras 8 comunidades autónomas que contan xa cunha normativa con rango de decreto para regular para as ensinanzas de primaria modificadas pola Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE) que se implantan no 2014/15 (Asturias, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, Extremadura, Madrid, A Rioxa e a Comunidade Valenciana).

### **Aprendizaxe competencial e autonomía dos centros**

Neste sentido o texto aposta por un ensino e unha aprendizaxe competencial, en sintonía coas recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello; e promover a autonomía dos centros. Así, faise especial fincapé na adquisición das competencias en comunicación lingüística, matemática e en ciencias e tecnoloxía, apostando ao tempo polo equilibrio lingüístico, de tal forma que a lingua e literatura galega e a lingua e literatura castelá terán o mesmo peso e tratamento ademais de consolidarse a aposta pola aprendizaxe en linguas estranxeiras, en equilibrio coas linguas cooficiais.

Ademais, a nova distribución do horario lectivo reforza o tempo lectivo da materia de Matemáticas, con 2 horas máis, unha en 5º curso e outra en 6º curso; co fin de mellorar os resultados que reflicten informes como o PISA nunha materia que é, ademais, fundamental no paso á ESO. Así mesmo, propónse o establecemento de dúas horas de libre configuración - unha en cuarto e outra en sexto- que cada centro, dentro da súa autonomía e dando voz ao Claustro e ao Consello Escolar, poderá dedicar á ampliación e reforzo de calquera das materias que se enmarquen no seu proxecto educativo. O obxectivo é reforzar a autonomía dos centros co fin de que cada un poida dedicar estas horas de libre configuración ás materias en que máis o necesiten: máis



linguas, máis música, máis ciencias, adecuando o ensino ás características particulares do seu alumnado e nos resultados das súas avaliacións.

### **Calidade e inclusión**

Co novo currículo de Primaria a Consellería busca ademais promover a calidade, a equidade e a inclusión educativa das persoas con discapacidade; a igualdade de oportunidades e a non-discriminación; así como a accesibilidade para a totalidade do alumnado. Para iso os currículos incluídos nesta orde incorporan elementos transversais relacionados co desenvolvemento sustentable e o ambiente: a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a orientación, o espírito emprendedor, os hábitos de vida saudable e o exercicio físico, a seguridade viaria e todos aqueles valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social ou por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

No que atinxe á distribución das áreas, que se regulan segundo a agrupación establecida como básica polo Estado, diferéncianse disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica, en función da distribución de competencias que, sobre elas, teñen as administracións públicas e os centros. Deste xeito, ademais das disciplinas troncais -Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Lingua Inglesa-, o alumnado debe cursar as áreas de Lingua Galega e Literatura, Educación Física, Educación Artística e a de Relixión ou Valores Sociais –esta última a elección de pais e nais-.

### **Convenios con centros educativos**

O Consello da Xunta deu hoxe tamén luz verde á renovación dos convenios subscritos entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón durante o curso escolar 2014-15. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Así mesmo, renovarase de novo a colaboración que se subscibe anualmente co centro neuropsicopedagóxico O Pelouro para facilitar a escolarización do alumnado con necesidades específicas de atención educativa, en concreto con aquel que presenta trastornos de personalidade e conduta ou en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo.



## A XUNTA DE GALICIA APROBA A DELIMITACIÓN DEFINITIVA DO CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao trazado desta ruta e o seu ámbito de protección, garantindo así a conservación dos lugares, edificios e paraxes polos que transcorre***
- ***A Consellería de Cultura e Educación cumpre co seu compromiso de avanzar na posta en valor das rutas xacobeas***
- ***Nos últimos catro anos o Goberno galego aprobou, ademais do Camiño Inglés; o trazado definitivo do Camiño Francés; do Camiño de Santiago do Norte, ruta do Interior, e dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela***

O Consello da Xunta acaba de aprobar a delimitación oficial do Camiño de Santiago Inglés, unha medida que garantirá unha mellor protección dos lugares, edificios e paraxes polos que discorre esta ruta histórica, recoñecida xa de forma explícita na Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago. Hai documentación histórica abundante sobre peregrinacións marítimas durante o século XII e seguintes desde Escandinavia e as Illas Británicas, que arribaban á costa galega, substantivamente aos enclaves costeiros de Ferrol e A Coruña, para continuar viaxe por terra até a tumba do Apóstolo Santiago.

Esta ruta é a suma de dous itinerarios de peregrinación apoiados sobre dous camiños tradicionais de longa distancia: o camiño real de Santiago a Ferrol e o camiño real de Santiago á Coruña, sendo ambos coincidentes desde a súa confluencia no lugar das Travesas. Concretamente, o trazado discorre polos termos municipais de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral, Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

No ámbito delimitado resulta de aplicación o réxime de protección establecido pola Lei de protección dos Camiños de Santiago, consistente na intervención da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con carácter previo á correspondente licenza, que resolverá na procura da conservación física do camiño, o respecto dos valores xacobeos e a preservación das características tradicionais da zona, o que, en termos xerais, leva implícito o mantemento das actividades agrarias. Ademais, a Administración cultural deberá ser informada de todos os plans, programas e proxectos que alteren a paisaxe que quede dentro da bacía visual do Camiño e poidan afectar os seus valores, co fin de propoñer as medidas protectoras e correctoras que se consideren necesarias para a protección do patrimonio cultural.





O expediente de incoación que se iniciara en 1997 non chegara a resolverse de forma definitiva, polo que cumpría retomar o expediente de delimitación definitiva para a oficialidade do trazado. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá agora resposta á demanda da valorización e recuperación deste camiño, co dobre obxectivo de fixar un trazado continuo principal que se corresponda co transmitido pola tradición ata os nosos días e de delimitar un ámbito de protección que garanta a integridade e autenticidade da devandita ruta xacobeá.

Coa delimitación deste camiño xa son tres as rutas que contan cun trazado oficial, despois de que no pasado mes de novembro se pechase completamente a delimitación do Camiño Francés –do que só restaba o último tramo, ao seu paso por Santiago de Compostela–, da delimitación definitiva do Camiño de Santiago do norte, ruta do Interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo, e dos os Camiños de Santiago no termo municipal de Compostela.

### **Metodoloxía**

Para a realización da delimitación do trazado e do ámbito de protección, os técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tomaron como base os estudos previos realizados nos anos 90 e a delimitación da traza publicada en 1998, actualizando os traballos documentais e de campo cunha metodoloxía etnográfica e a aplicación da antropoloxía cultural ao estudo do territorio, o que permitiu identificar unha ruta de longo percorrido documentada historicamente e baseada na rede de percorridos conservada na actualidade. De xeito consecuente, realizouse unha nova proposta de traza e de delimitación do seu territorio histórico que se estima fundamentada e coherente cos principios de protección e conservación do patrimonio cultural.

Esta proposta foi sometida ao informe do Pleno do Comité Asesor do Camiño de Santiago, e resultou aprobada por unanimidade o día 25 de setembro de 2012. A Dirección Xeral incoou o expediente de delimitación da ruta do Camiño Inglés o 3 de outubro de 2012 e notificouse aos concellos afectados pola proposta.

### **Un proceso participativo e produtivo**

Durante o proceso de información pública e participación presentáronse un total de 35 alegacións que os servizos técnicos da Consellería analizaron nos seus aspectos culturais e normativos e foron contestadas e notificadas individualmente. Este proceso manifestouse produtivo e de relevancia, e nel foi achegada información e valoracións concretas que, axustadas aos criterios xerais definidos, completaban e perfeccionaban o trazado inicialmente incoado.

As modificacións, estudadas no seu conxunto, supoñen pequenas variacións tanto do trazado coma do seu territorio histórico, mais non producen unha alteración significativa no total xa que, en concreto, se modifica un 4,74% na liña de traza e algo



menos do 1% na superficie do territorio histórico. Estas modificacións que afectan os concellos de Ferrol, Narón, Oroso e Santiago de Compostela supuxeron a retirada de 901 parcelas do territorio histórico incoado, ben que mesmo tempo, suporán a incorporación de 269 novas parcelas que non estaban previamente incluídas neste ámbito de protección.

O expediente identifica a delimitación dos conxuntos históricos existentes declarados Ben de Interese Cultural no seu ámbito, en concreto Ferrol Vello, Barrio da Magdalena de Ferrol, Cidade de Betanzos e Cidade Vella da Coruña, polo que a aprobación definitiva da delimitación do Camiño de Santiago Inglés recolle esta circunstancia en acordo coa protección e réxime específico que a Lei do patrimonio cultural de Galicia prevé para os conxuntos históricos.



## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A VENDA DIRECTA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS

- ***Os agricultores galegos poderán vender directamente os seus produtos primarios ao consumidor final***
- ***Ao tempo créase, dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), unha sección para inscribir as explotacións acollidas ao réxime de venda directa e establécense as condicións que deberán cumprir as explotacións para realizar esta actividade***
- ***Quedan tamén definidos os requisitos que deberán cumprir os produtos, as formas de venda e as cantidades máximas que se van comercializar por estas vías***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. Así, os agricultores galegos poderán vender directamente unha serie de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, respectando o establecido por esta norma.

Poderán venderse directamente, nas cantidades máximas establecidas no decreto, os seguintes produtos: mel, pole, própole, xelea real, ovos, froitas e froitos silvestres, legumes e hortalizas, cogomelos e cereais, sempre producidos na explotación da persoa vendedora (agás no caso dos cogomelos silvestres), podendo realizar a venda in situ (na propia explotación produtora), en mercados ou a establecementos de venda polo miúdo.

A venda poderana realizar directamente as persoas titulares da explotación ou parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou en establecementos locais de venda polo miúdo ao consumidor final, sempre que a transacción sexa directamente entre o produtor e o establecemento de venda final, sen intermediarios.

Os agricultores proporcionarán por medio dunha etiqueta a información alimentaria obrigatoria. No caso de transaccións efectuadas con establecementos locais de venda polo miúdo ao consumidor final, a etiqueta poderá substituírse por un documento comercial en que figure a información preceptiva. No caso de vendas in situ a etiqueta non será necesaria e poderá substituírse pola información oral transmitida polo produtor.

A través deste decreto régulase tamén, dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), a creación dunha sección específica para inscribir as explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI), definíndose os requisitos que deberán cumprir os produtos, as formas de venda e as cantidades máximas que se van comercializar por estas vías.



As explotacións que desexen realizar venda directa deben figurar inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) e comunicar a súa vontade de realizar a venda directa dos seus produtos, sendo entón inscritas de oficio na sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa. As ditas explotacións levarán un rexistro básico en que figuren os datos das vendas.

Con esta regulación preténdese ofrecer unha canle legal axeitada a unha situación xa existente de feito, como é a venda directa (entendida esta como a venda sen intermediarios, ou se é o caso, coa participación dun único intermediario minorista) de determinados produtos agrarios dos produtores aos consumidores finais.

A regulación desta práctica realízase sen menoscabo das garantías de seguridade alimentaria que demandan as persoas consumidoras, e está en liña coas actuais orientacións da política agraria da Unión Europea, proclives ao fomento das cadeas curtas de distribución, máis respectuosas co medio (menor impacto da “pegada de carbono”) e favorecedoras do desenvolvemento rural xa que o valor engadido xerado repercute directamente no produtor, e polo tanto, permanece no territorio.



## **MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 600.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DO CAMIÑO REAL, NO CONCELLO DE OZA-CESURAS**

- ***O Consello da Xunta aproba o convenio polo que se executará esta mellora***
- ***Con esta actuación ampliarase a plataforma existente ata unha largura de 8,5 metros con melloras nos raios de curvatura de determinadas zonas do trazado***
- ***As obras suporán un notable aumento da seguridade e accesibilidade na zona***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión celebrada esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oza- Cesuras para a mellora do Camiño Real por un importe total de 631.756,79e euros.

A estrada de titularidade municipal que comunica Oza e Cesuras polo interior, coñecida como Camiño Real, presenta unha plataforma de largura reducida, polo que non permite o cruzamento dos vehículos e a circulación peonil en condicións de seguridade.


Deste xeito, a actuación ten a finalidade de ampliar a plataforma existente ata acadar unha largura de 8,5 metros nun treito de 3,57 km comprendido entre o lugar da Casa Queimada, nas proximidades de Oza, e a intersección coa vía de titularidade provincial DP-2601 (que conduce á estrada autonómica AC-840), no Paraxón, preto do núcleo de Cesuras. Esta plataforma permitirá a sinalización de dous carrís de circulación e dunha senda peonil de 1,5 metros de largura por unha das marxes, separada mediante balizas da zona de circulación.

A nova traza apoiase na calzada existente, tratando de conseguir un trazado con curvas de raio máis amplo para mellorar a comodidade da circulación e a visibilidade. Ademais, rehabilitarase superficialmente o pavimento da calzada existente mediante a extensión dunha nova capa de mesturas bituminosas en quente.

Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá o compromiso de subvencionar as obras; mentres que o Concello de Oza- Cesuras elaborará e aprobará o documento técnico necesario para a definición das obras, asumirá as obrigas económicas que excedan o importe que se compromete a financiar a Xunta e xustificará a subvención segundo as estipulacións que se establezan nas cláusulas do convenio.

Desde a Consellería de Medio Ambiente destácase a importancia destas obras que melloran a calidade de vida dos veciños de Oza- Cesuras e repercuten positivamente na seguridade viaria e nas condicións de accesibilidade e mobilidade da zona.





Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## **MEDIO AMBIENTE, PORTOS DE GALICIA E CONCELLO DE MOAÑA COLABORÁN NA CONSTRUCIÓN DUN PASEO LITORAL ATA A ZONA DA SEARA**

- *O desenvolvemento desta actuación permitirá completar o paseo litoral, que permitirá retirar o tráfico peonil e ciclista da estrada Marín- Rande (PO-551)*
- *Nalgún treito será necesario proxectar unha estrutura de madeira que voará sobre a lámina de auga, para evitar afeccións as vivendas situadas a pouca distancia do bordo litoral*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o ente público Portos de Galicia e o Concello de Moaña que permitirá continuar o paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira, no treito de Seara. Este proxecto teñen un orzamento de máis 420.000 euros.

O treito no que se vai a actuar é de 310 metros e discorre entre o aparcamento próximo á Casa do Mar, ao que bordeará, e o actual paseo marítimo, co que entroncará á altura do edificio de Salitre antes do cruzamento co río da Fraga. O desenvolvemento desta actuación permitirá completar o paseo litoral existente, finalizando así unha infraestrutura moi demandada polos veciños da zona que permite retirar o tráfico peonil e ciclista da estrada Marín- Rande (PO-551).

### **Accións que se van realizar**

A solución que se vai adoptar atópase condicionada polo carácter urbano do treito, así coma polas edificacións existentes, como muros, ramplas e escaleiras de acceso ao litoral para peóns e embarcacións.

Así, a actuación basearase na construción dun paseo para uso peonil e ciclista, con zonas diferenciadas, conformada por lastra de granito na zona reservada á circulación peonil e acabamento en formigón no carril-bici.

Non obstante, nalgún subtreito resulta necesario proxectar unha estrutura de madeira que voará sobre a lámina de auga, para evitar afeccións as vivendas situadas a moi reducida distancia do bordo litoral. Ademais, será necesario modificar muros e ramplas para adaptalas á cota do novo paseo. A actuación complementarase coa adecuación do espazo público mediante sementado de céspede e plantación de árbores, dotación de mobiliario urbano e iluminación.

Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da AXI, asumirá os compromisos de licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras, así como o de cofinancialas ata un máximo de 210.070,68 euros coas seguintes anualidades: 2014,





50.000 euros; 2015, 160.070,68 euros. Pola súa banda, Portos de Galicia financiará as obras na parte restante: 210.070,68 euros, con anualidades en 2014 e 2015.

Pola súa banda, o Concello de Moaña elaborará e aprobará o documento técnico necesario para a definición das obras, porá a disposición da AXI os terreos necesarios libre de cargas e gravames e asumirá, unha vez realizadas as obras, a explotación, mantemento e conservación das obras acometidas e dos seus servizos

O actual paseo marítimo, de máis de tres quilómetros, entre O Con e a illa de San Bartolomeu, atópase interrompido nun pequeno tramo na zona da Seara, no que as edificacións e peches existentes dificultan o acceso ao bordo litoral, que presenta un importante estado de abandono. A zona de actuación é un área moi urbanizada e con gran afluencia de visitantes, na que conviven a actividade pesqueira e os usos lúdicos.



-  Treito que está previsto executar
-  Treito existente



## **AUGAS DE GALICIA DESTINARÁ MÁIS DE 390.000 EUROS, PROCEDENTES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA, AOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS LOCAIS**

- ***O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais***
- ***A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, resultando a cada concello un total de 130.085,57 euros***
- ***A presa, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións***

O Consello da Xunta aproba o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña co fin de dar cumprimento á concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas.

Augas de Galicia destinará unha cantidade máxima de 390.256,71 euros para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2014 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, resultando a cada concello un total de 130.085,57 euros.

Este convenio establece as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre as citadas administracións respecto das cantidades do canon devindicado pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, que se destina a estes concellos para o financiamento de obras ou accións de carácter educativo, cultural e social.

O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais.

Cómpre lembrar que Augas de Galicia promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do 1997. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento, no que se prevía que Augas de Galicia destinaría unha cantidade anual para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e asistencia social para realizar nos Concellos de Caldas de



---

Reis, Cuntis e Moraña, que se materializarían a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.

A presa de Caldas, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións.



## **A XUNTA MOBILIZARÁ 24M€ MEDIANTE UNHA NOVA LIÑA DE AVÁIS PARA IMPULSAR A INDUSTRIA AUXILIAR DO NAVAL**

- ***O obxectivo do Goberno galego é que as pemes auxiliares do naval poidan acceder ao crédito que precisan para o seu financiamento operativo no novo proceso de incremento de carga de traballo no que está inmerso o sector***
- ***O programa acollerá operacións financeiras entre 100.000 e 300.000 euros avaladas nun 50% polo Igape***
- ***A Xunta de Galicia continúa traballando na consolidación dun sector naval forte e competitivo a través do apoio á consecución de novos contratos, o impulso en materia de innovación e formación e o reforzo do financiamento***

A Xunta de Galicia mobilizará 24 millóns de euros en avais para pemes auxiliares do sector naval mediante unha nova liña de avais desenvolta pola Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e que aprobou o Consello. O obxectivo deste novo programa de impulso á industria auxiliar, é conseguir que as pemes da construción naval poidan acceder ao crédito que precisen para o seu financiamento operativo e así mellorar a súa capacidade de resposta no actual proceso de incremento de carga de traballo en que se atopa o sector.

Este novo programa facilitará operacións de financiamento no ámbito naval comprendidas entre 100.000 e 300.000 euros, avaladas nun 50% polo Igape e destinadas a achegar circulante para as pemes beneficiarias, empresas auxiliares ás cales corresponde un papel clave no relanzamento e na recuperación do emprego dentro do sector.

A nova liña de apoios fará posible a concesión de avais por importe de 12 millóns de euros para mobilizar créditos que sumarán 24 millóns de euros e que permitirán ás pemes auxiliares do naval atender os encargos dos estaleiros. Os créditos avalados poderán financiar tanto operacións previas de aprovisionamento de materias primas e gastos de persoal como operacións para anticipar dereitos de cobramento asociados aos traballos realizados polas empresas beneficiarias. Ao abeiro das bases aprobadas polo Consello da Xunta as empresas poderán presentar as súas solicitudes ata o 15 de novembro de 2015.

Deste xeito a Xunta de Galicia continúa a facer un importante esforzo para a consolidación dun sector naval forte e competitivo a través do apoio a consecución de novos contratos, o impulso en materia de innovación e formación e o reforzo do financiamento.

Esta nova liña de avais que aprobou o Consello da Xunta forma parte do programa "Galicia 1000", que conta cunha dotación de 50M de euros e busca dar resposta ás



---

distintas necesidades das empresas, de acordo coa súa situación. Neste sentido, a Xunta prevé financiar este ano arredor de mil proxectos empresariais a través dun paquete financeiro integral que mobilizará 200 millóns de euros.



## **SANIDADE ADHÍRESE AO ACORDO MARCO CO MINISTERIO PARA A COMPRA DE VACINAS, O QUE PERMITIRÁ UN AFORRO DE 600.000 EUROS**

- ***Comprende a compra de 18 tipos de vacinas para utilizar no Programa Galego, por un valor total de 11.078.200 euros***

O Consello da Xunta autorizou a adhesión da Consellería de Sanidade ao acordo marco proposto polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a selección de subministradores de vacinas.

Este acordo comprende a compra de 18 tipos de vacinas para utilizar no Programa Galego de Vacinacións, por un valor total de 11.078.200 euros, que cubre ata o 1 de abril de 2017. A través del acadarase un aforro estimado de máis de 600.000 euros con respecto ao anterior acordo marco.

No ano 2012 a Consellería de Sanidade xa se adherira ao acordo marco coordinado polo Ministerio de Sanidade para a adquisición destas vacinas, o que permitiu unha rebaixa de prezo de máis de 700.000 euros respecto ao custo do concurso previo.

Esta compra é necesaria para a continuidade do programa galego de vacinacións, que ten feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como reducirse a niveis case inexistentes outras como o tétano, a hepatitis B e moitos tipos de meninxite.

Nunha primeira fase do acordo o Ministerio regula a fixación dos prezos máximos e establece as bases que rexerán os contratos derivados en cada comunidade autónoma. Unha vez rematada esta primeira fase, procederase á execución do contrato derivado do acordo marco nesta Comunidade Autónoma.



## BENESTAR INVISTE ESTE ANO MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE INCLUSIÓN QUE CHEGOU A CASE 2.700 NOVOS BENEFICIARIOS DURANTE 2013

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe este investimento, que está destinado a manter os dezanove equipos de inclusión que desenvolven o seu traballo en todo o territorio galego*
- *O obxectivo desta iniciativa é acadar a inserción social e laboral das persoas en situación ou risco de exclusión*
- *No marco deste programa, acadaron un posto de traballo un total de 741 persoas en 2013*
- *Para este ano, estímase acadar cifras similares tanto no que se refire á participación como á inserción laboral*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 1,6 millóns de euros no desenvolvemento do II Plan de inclusión social, que está xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Este orzamento está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia. O pasado ano, un total de 2.689 persoas incorporáronse a este Plan, que rematou 2013 con 9.438 persoas dadas de alta. En total, no exercicio anterior unhas 741 persoas atoparon un posto de traballo.

O financiamento destinarase ao mantemento da rede de equipos de inclusión que traballan ao longo de todo o territorio galego: un total de 19 que traballan a prol da inclusión social e laboral das persoas en situación ou risco de exclusión.

Así, o Consorcio conta con 18 oficinas de inclusión en distintos concellos das catro provincias galegas desde as que equipos de técnicos desenvolven un traballo de alcance comarcal. As devanditas oficinas están situadas nos concellos de Ames, Arzúa, Carballo, Noia e As Pontes de Gracia Rodríguez na provincia da Coruña; Baralla, Begonte, Mondoñedo e Monforte de Lemos, en Lugo; O Carballiño, Barbadás, A Rúa e Sarreaus, na provincia de Ourense e, por último, nos concellos pontevedreses de Baiona, Lalín, Marín, O Porriño e Vilagarcía de Arousa.

Un equipo máis desenvolve este labor no Centro Penitenciario de Teixeira, a través do Módulo Nelson Mandela, onde traballan con reclusos con data próxima de saída do cárcere que, a través do Plan, se preparan para a vida en liberdade.

Os datos de xestión desde 2008 amosan que o total de atendidos se sitúa xa preto das 15.000 persoas, con máis de 3.600 insercións laborais.



Estes equipos ocúpense de desenvolver itinerarios personalizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Eses itinerarios, deseñados polos técnicos coa participación activa das persoas destinatarias, inclúen un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, que dependendo do perfil poden ser accións formativas, prácticas en empresas en distintos postos (como caixeiro, carreteiro ou repoñedor, por exemplo) ou, cando as circunstancias así o requiren, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

### **Aposta pola inclusión**

Este investimento forma parte da aposta, ampla e transversal, que está realizando o Goberno a favor da inclusión social. O departamento traballa, moi especialmente, por acadar unha inclusión activa que evite a cronificación destes casos.

Precisamente, este é un dos eixes principais da nova Lei de inclusión que impulsou o Goberno galego, e que estimula e incentiva o camiño ao emprego. Un concepto que se complementa coa nova orde de contratación temporal de perceptores da RISGA a través dos concellos, e na que se investirán 5 millóns de euros.

Benestar está a elaborar a nova Estratexia de inclusión social, que estará lista a finais de ano, e adoptará tamén un enfoque de inclusión activa, así como comprenderá recursos específicos, especialmente para aqueles colectivos e territorios especialmente afectados pola despoboación e o envellecemento demográfico.

Todas estas iniciativas complementáanse cun esforzo orzamentario. Nos últimos anos, o Goberno galego aumentou as partidas destinadas á RISGA. Este ano a partida incrementouse ata os 42,3 millóns de euros. Cómpre lembrar que é unha partida ampliable, que se incrementará na medida en que sexa necesario. Ademais disto, tamén se blindou este ano a partida destinada ás Axudas de Emerxencia Social (AES) en 4,5 millóns de euros.

En total, os orzamentos globais das partidas de inclusión ascenden este ano a 59,2 millóns de euros, isto é, un 13,6% máis que nos orzamentos do 2013. Neste global inclúense partidas como a RISGA, as AES, as axudas a entidades... De feito, ampliáronse as axudas destinadas ás corporacións locais para apoiar programas de inclusión social, dirixidos á poboación xitana e inmigrante, a outras persoas en risco de exclusión. Esta orde conta cun orzamento de 1,6 millóns de euros, un 18 por cento máis que o ano pasado. Tamén se incrementou a orde destinada a entidades de iniciativa social nun 14 por cento, ata os 3,7 millóns.



## **TRABALLO AMPLÍA A COLABORACIÓN CON ASIME PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN DE 750 EMPREGADOS DO NAVAL CON 1,5 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe unha addenda que amplía o orzamento do convenio asinado en marzo coa patronal metalúrxica desde os 1,1 ata os 1,5 millóns de euros***
- ***Así, a colaboración entre Xunta e Asime permitirá o desenvolvemento de preto de 50 accións formativas que poderán beneficiar a 750 traballadores do sector do naval***
- ***Na comarca de Ferrol desenvolveranse un total de 15 cursos ao longo de 2014 e 2015 para formar 225 alumnos, mentres que na área de Vigo haberá 34 cursos para máis de 500 alumnos***
- ***Esta iniciativa suporá unha mellora efectiva da empregabilidade e outorgará aos traballadores a homologación internacional que precisan para traballar nos estaleiros e nas empresas auxiliares do naval***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha addenda para ampliar o convenio asinado con ASIME en marzo para mellorar a cualificación dos traballadores do sector naval en Galicia. Desta maneira, o orzamento aumentará en 423.000 euros, desde os 1,1 millóns ata os 1,5, o que permitirá levar a cabo 49 cursos (en 7 especialidades), dez mais que os previstos inicialmente, e aumentar en 150 os beneficiarios totais do programa, ata chegar a un total de case 750.

Na comarca de Ferrol desenvolveranse un total de 15 cursos ao longo de 2014 e 2015 para formar a 225 alumnos, mentres que na área de Vigo haberá 34 cursos para máis de 500 alumnos.

As accións formativas estrutúranse en sete especialidades diferentes: tubería naval, soldador naval, soldador tubería, caldeireiro naval, pintor naval, habilitador naval e electricista naval. Neste sentido, estas actividades van ofrecer aos traballadores a homologación internacional necesaria para traballar nos estaleiros e nas empresas auxiliares, unha condición esencial nun sector tan globalizado como o naval.

O obxectivo do convenio é permitir ás empresas do sector contar con profesionais máis preparados e acreditados para facer fronte aos novos retos aos que se teñen que enfrontar, principalmente pola alianza con Pemex, que vai reportar 600 millóns de euros a Galicia. Este acordo vai posibilitar a contratación de 1.400 traballadores en Vigo e Ferrol nos próximos meses.

Estes cursos apoian os sectores estratéxicos da economía galega, como é o naval e as empresas auxiliares. No marco dese apoio ao naval, é fundamental poder colaborar con





ASIME en diversas accións como nos avances na prevención de riscos laborais, a posta en marcha de actividade formativas como as que recolle este convenio ou as iniciativas novidosas como Empreganav.

Este último programa, que rematou este ano, promoveu a reinserción laboral de 450 profesionais do sector que perderon o seu traballo, reconducíndoos cara a novas alternativas, apostando pola reciclaxe laboral e fomentando o espírito empresarial. No Empreganav acadouse unha inserción do 60% dos seus participantes.



## A XUNTA DE GALICIA INICIARÁ O PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA NESTE ANO 2014

- *Este documento formará parte do primeiro Atlas das Paisaxes de Galicia, no que tamén se integrarán as directrices da paisaxe e que constituirán os principais instrumentos de planificación e xestión neste eido.*
- *Este Atlas, xunto coa colección paisaxe galega e as iniciativas de educación e concienciación paisaxística, supoñen as novidades máis importantes da nova Estratexia da Paisaxe de Galicia.*
- *Destaca o traballo avanzado, como o feito de que a nova Lei do Solo entregue ao urbanismo os principios da protección, xestión e ordenación das paisaxes.*
- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, analizou o informe sobre a revisión da Estratexia da Paisaxe de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia analizou esta mañá o informe sobre a revisión da Estratexia da Paisaxe de Galicia que planifica para 2014 o inicio do proceso de participación pública para a redacción do Catálogo das paisaxes de Galicia. Un documento que formará parte do Atlas das Paisaxes de Galicia, que identificará e caracterizará os valores e as potencialidades das 50 comarcas paisaxísticas do noso territorio cara a súa protección e xestión –o primeiro obxectivo desta nova etapa da Estratexia da paisaxe-, e no que tamén se integrarán as directrices da paisaxe, que exporán as pautas de intervención xeral en cada tipo de paisaxe identificadas e consensuadas durante o seu propio proceso de participación, así como os criterios de actuación naqueles lugares, ben de especial valor ou degradados.

A Xunta está convencida de que a través destes procesos de diálogo con expertos, administracións e cidadanía en xeral se acadará un Atlas completo, consensuado e debatido por todas as persoas interesadas que será o documento que Galicia necesita.

A revisión da estratexia achega 3 novidades principais, o Atlas da Paisaxe antes referido, os novos traballos planificados para explicar, educar e implicar en cuestións paisaxísticas; e a colección Paisaxe Galega que incorporará preto de 20 guías e manuais de integración paisaxística e boas prácticas.

Tal e como xa anunciara a conselleira na súa comparecencia para abordar os obxectivos do seu departamento, a integración da paisaxe e a posta en valor do territorio estarán presentes en todos os proxectos e actuacións que afecten o territorio que leve a cabo o Goberno galego.

Isto significa que todas as accións de Goberno se encadrarán nunha estratexia da paisaxe, co fin de darlle coherencia e valor a toda a normativa que inflúe sobre o



medio, é dicir, será necesario levar a cabo unha política transversal coa inclusión de criterios de integración paisaxística en todas as actuacións que afecten o territorio.

Para acadar este segundo obxectivo a Xunta conta co novo proxecto de Lei do solo co que se poderá entregar ao urbanismo os principios da protección, xestión e ordenación das paisaxes. Para tal fin, deseñaranse ferramentas específicas necesarias, de natureza urbanística, para levar á práctica os criterios e normas que se establecerán por medio das directrices da paisaxe, como a identificación das áreas de especial interese paisaxístico, que servirán de base para a regulación do solo rústico de especial protección paisaxística.

Tamén se desenvolverán plans de accións de paisaxe en áreas ou espazos protexidos que serán integrados nos instrumentos específicos de ordenación previstos na lexislación sobre espazos naturais e conservación da natureza; ou se elaborarán manuais para o desenvolvemento dos obxectivos de calidade paisaxística establecidos polas directrices da paisaxe.

Así mesmo, integraranse nos instrumentos de acción ou execución os criterios para a mellora e recuperación da paisaxe, que determinará a concreción de accións directas homoxéneas en todas as actuacións que afecten o territorio. Esta estratexia considera que os criterios de integración paisaxística poden ser aplicados de modo máis operativo e eficaz, mediante a súa consideración en diversos tipos de proxectos ou actuacións de iniciativa pública.

Grazas a estas accións obteríase un triplo beneficio: a posta en práctica dos criterios técnicos de integración paisaxística, o efecto exemplarizante cara a outros promotores de actuacións con incidencia sobre a paisaxe e melloras reais e directas da contorna paisaxística na cal se desenvolven as actuacións.

### **Formación e concienciación**

A Xunta de Galicia considera que a Comunidade debe aspirar a unha cultura específica sobre as paisaxes autóctonas, máis alá das leis e normas que as regulan. Apóstase por poñer en marcha procesos capaces de construír unha nova cultura territorial e paisaxística, un reto que se debe activar desde os valores da eficiencia ambiental e a cohesión social.

Así, o proxecto da formación dos técnicos e especialistas orientarase cara unha aplicación profesional e académica, para acadar un marco metodolóxico común e unha linguaxe compartida; que supoña unha aproximación multisectorial e multiescalar para dotar os especialistas e o conxunto da sociedade do coñecemento necesario para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.



Trátase de que os responsables, técnicos e profesionais con competencias ou incidencia directa sobre a paisaxe actualicen e compartan os seus coñecementos sobre as cuestións esenciais da súa xestión, ata alcanzar un número suficiente de especialistas no conxunto da administración, nas súas diversas instancias.

Tamén no eido educativo manterase o Plan Proxecta, un programa xa iniciado na anterior etapa e dirixido preferentemente á comunidade educativa, tamén coñecido co nome de *12 meses-12 paisaxes*. A integración desta formación no Plan Proxecta a través do programa Sustentabilidade e Paisaxe conta na actualidade con 44 centros, máis de 370 profesores e máis de 5.000 alumnos participantes. A esta iniciativa súmanse outras tamén coñecidas como o *Proxecto Terra*, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), o *Programa Conciencia*, que se desenvolve en colaboración coa Fundación Eduardo Pondal; e o *Proxecto Ríos*, con Augas de Galicia e Adegas, unha mostra das actividades de voluntariado ambiental, en que se proporá fomentar a incorporación da acción sobre o territorio galego con criterios de integración paisaxística.

Outra liña operativa para fomentar a concienciación é o proxecto Somos Paisaxe, co que se pretende o establecemento de programas de difusión na procura dunha comunicación atractiva das complexas dinámicas territoriais e paisaxísticas para facilitar a incorporación da poboación e os axentes sociais a un debate rigoroso para a construción dunha Galicia sustentable. Preténdese establecer mecanismos de participación social na toma de decisións e na definición das políticas da paisaxe; fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe.

Para acadar este obxectivo, desenvolveranse actividades específicas sobre a importancia e divulgación da paisaxe, fomentando a incorporación da paisaxe nos ciclos educativos, e promoverase a formación e intervención de especialistas en materia da paisaxe. Trátase de actuacións conxuntas singulares de educación, formación, sensibilización e participación e de interese xeral.

Cómpre lembrar que coa anterior Estratexia da Paisaxe, a Xunta puxo en marcha a marca Paisaxe Galega, distintivo que xa se ten concedido ao proxecto educativo 12 meses, 12 paisaxes. Agora incentivarase a conversión deste termo en marca de calidade que será outorgada á aqueles proxectos ou actuacións, tanto públicas como privadas, que sexan salientables pola súa axeitada integración paisaxística. Un selo de recoñecemento que intentará por de relevo que existen outras formas de facer as cousas nas nosas paisaxes. Unha aposta pola calidade paisaxística que aspira a converterse nun referente dentro da Comunidade.



A Xunta está a desenvolver medidas integradas na Estratexia da Paisaxe de Galicia, co fin de protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes da Comunidade galega e incluír a consideración da paisaxe en todas as políticas territoriais e sectoriais da Xunta de Galicia.

Este reto obedece á necesidade de dar resposta ao feito de que a sociedade é cada vez máis consciente do valor da paisaxe galega, de defender a idea común de beleza, de singularidade, de riqueza ambiental inherente ao territorio e á paisaxe de Galicia.



## **A XUNTA DE GALICIA DESTINA 4 MILLÓNS Á SINATURA DE CONTRATOS PROGRAMA CON CENTROS DE COÑECEMENTO GALEGOS PARA IMPULSAR AS SÚAS CAPACIDADES E A RETENCIÓN DO TALENTO**

- ***A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, apoia así o financiamento de centros tecnolóxicos, centros de coñecemento, fundacións sanitarias, CSIC e Instituto Español de Oceanografía***
- ***Os contratos programa vinculan o financiamento público aos resultados obtidos en eidos como a transferencia de coñecemento e a captación de fondos europeos, un incentivo que serviu para que de 2012 a 2013 os centros de coñecemento galegos incrementasen en máis de 3 millóns de euros os seus ingresos por servizos prestados a empresas***
- ***Estes apoios súmanse aos programas Conecta Pemes e Innterconecta, que supuxeron unha inxección de máis de 26 millóns de euros nos centros tecnolóxicos da comunidade***

A Xunta de Galicia apoiará con preto de 4 millóns de euros a sinatura de contratos programa con centros de coñecemento galegos, co obxectivo de ampliar as súas capacidades e impulsar a contratación e retención do mellor talento. O Consello da Xunta informou hoxe destas axudas destinadas a centros tecnolóxicos, centros de coñecemento, fundacións sanitarias, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía.

Os contratos programa, impulsados pola Consellería de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación, teñen como particularidade, con respecto as axudas convencionais, que se outorgan conforme os rendementos obtidos por cada centro. Deste modo, os contratos programa premian as institucións que acaden mellores resultados en distintos eidos, como a captación de fondos europeos, a colaboración con empresas galegas, ou a transferencia dos resultados científicos ao mercado, de forma que se xere riqueza e emprego.

Vincular os resultados dos proxectos ao financiamento dos contratos programa obtivo xa bos resultados nos centros de coñecemento galegos, impulsando notablemente nos últimos dous anos tanto os contratos dos centros tecnolóxicos con empresas galegas. En concreto, este incentivo serviu para que de 2012 a 2013 os centros de coñecemento galegos incrementasen en máis de 3 millóns de euros os seus ingresos por servizos prestados a empresas.

As axudas, que serven para adquirir equipamentos e abordar investimentos, son sobre todos unha vía con gran potencial para a transferencia de resultados e a atracción e retención de talento, mediante actuacións centradas no capital humano: contratación e consolidación de persoal de I+D+i (investigadores, tecnólogos e outros), ou formación. Estes apoios súmanse aos apoios que a Consellería de Economía e Industria



---

xa puxo á disposición dos centros tecnolóxicos a través dos programas Ininterconecta e Conecta Pemes, que están deseñados para unha activa participación dos centros tecnolóxicos. Ambos programas, de feito, supuxeron unha inxección de máis de 26 millóns de euros de fondos públicos para estas entidades.

Estes obxectivos están aliñados coa Estratexia de Especialización Intelixente, ou RIS 3, que guía toda a política de innovación de Galicia, e que coa mesma visión mobilizará 1.600 millóns de euros en proxectos innovadores ata 2020.

